



Curso “Monográfico de Ruptura Traumática”

DOCENTE

Paz de Roda (M-17532).

ORGANIZA

Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINAN

Patricia Rodríguez Villar (G-5631) e Consuelo Cajide Labandeira (G-3594).

DURACIÓN

10 horas.

DATAS E HORARIO

Venres, 8 de maio de 2026. De 15:45 a 21:15 horas.
Sábado, 9 de maio de 2026. De 08:45 a 14:15 horas.

MODALIDADE

Online. A través da plataforma de teleformación Moodle do COPG e Zoom.

PRAZAS

15.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.....	32,00€
Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento en psicoloxía.....	20,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....	40,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....	80,00€

*Neste curso podes optar ás 4 prazas gratúitas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf



Curso “Monográfico de Ruptura Traumática”

PROGRAMA

Venres, 8 de maio de 2026.

- a. Ilustración da ruptura traumática.
- b. Situando a ruptura traumática.
- c. Tríada traumática e outros factores de risco.
- d. Curso, evolución e duración do dó.
- e. Avaliación da ruptura traumática (só mencionada no material).
- f. Diagnóstico diferencial.
- g. Sistema de resposta.
- h. Prognóstico e posibles resistencias.

Sábado, 9 de maio de 2026.

- i. Habilidades do terapeuta.
- j. Obxectivos terapéuticos.
- k. Intervención integral.

OBXECTIVOS

Adquirir e perfeccionar competencias específicas na área da ruptura e do dó, abordando os aspectos clave para unha adecuada intervención. Ademais da técnica, preténdese adestrar ó alumnado nas habilidades interpersoais que favorecen a vinculación terapéutica, para que a persoa consultante se sinta segura, acollida, asistida, comprendida e valorada.

Obxectivos específicos:

- Adquirir competencia profesional en ruptura traumática.
- Desenvolver habilidades básicas do terapeuta en ruptura traumática.
- Caracterizar o cadro.
- Describir a sintomatoloxía e a coherencia interna que subxace.
- Deseñar estratexias de intervención.
- Resolver as resistencias propias nesta área.
- Ilustrar este doloroso transo con múltiples exemplos reais.



Curso “Monográfico de Ruptura Traumática”

METODOLOXÍA

Clases prácticas. As exposicións enriqueceranse a través dunha actitude deliberativa, analítica e crítica para incentivar o espírito emprendedor e autodidacta.

DOCENTE

PAZ DE RODA (M-17532)

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid (UCM), Máster en Psicoloxía Clínica por Cinteco e Experta Universitaria en Trauma e EMDR pola UNIR, conta ademais coa acreditación EuroPsy. Exerce a psicoloxía desde o ano 2003 e, ao longo da súa traxectoria profesional, tivo a honra de acompañar a centos de persoas nos seus procesos de crecemento persoal. Compaxina a práctica clínica coa dirección e docencia en programas de Máster, así como a ferramenta en diversas organizacións.

É fundadora, directora e psicóloga de Paz de Roda Psicoloxía, onde é experta en Trastornos de Ansiedade, Afectividade Humana e Intelixencia Intrapersoal. Así mesmo, é fundadora, directora e docente de Paz de Roda Formación, desde onde imparte formación en Trastorno de Ansiedade Xeneralizada (TAG), Habilidades do Terapeuta, Rupturas Sentimentais, Dependencia Emocional, Celotipia, Infidelidade e Terapia de Parella.

Desenvolve unha intensa labor como divulgadora da psicoloxía a través dos medios de comunicación e dos seus propios canais: Paz de Roda Youtube, Paz de Roda Spotify e Pazderoda Instagram, colaborando ademais en distintos podcasts como *Somos Estupendas*, *Noche para Dos* e *Carpa Roja*, entre outros.

No ámbito da docencia para psicólogas/os, foi directora do Máster en Sexoloxía Clínica e Terapia de Parella en ISEP Madrid, Barcelona e Valencia entre os anos 2012 e 2020, e é profesora no Máster en Sexoloxía Clínica e Terapia de Parella, no Máster en Psicoloxía Clínica e en Diplomados para Latinoamérica en ISEP. Participou como relatora en sesións clínicas, titora de prácticas e de Traballos de Fin de Máster, así como directora de TFM e prácticas nesta institución.



Curso “Monográfico de Ruptura Traumática”

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 28 de abril de 2026.